

Clausurado en Poio o congreso de escritores en lingua galega

- *Pide, entre outras cousas, a posta en marcha dun canal de televisión e doutro de radio en galego*

POIO.—(Do noso enviado especial, Xosé Antonio Peroxo).

O último día do Congreso de Escritores en Lingua Galega, celebrado no Mosteiro de Poio (Pontevedra), tivo como protagonista ao teatro nas ponencias que se desenvolveron na mañá do luns, coa intervención do autor e director teatral Roberto Vidal Bolaño e a presentación do tema «A literatura galega ante o «desencanto» por Constantino Rábade que motivaron un dos coloquios máis proveitosos das tres xornadas de traballo.

Para a serán quedou a toma das resolucións e a clausura do Congreso. A diferenza dos dous días anteriores, nos que a afluencia de congresistas foi maioritaria, na tarde do luns —día laboral— a asistencia quedou reducida á terceira parte deles, o cal se pensaba que podía ter repercutido negativamente nas decisións finais que a todos os escritores incumbían. A pesares deste feiro ou, se cadra, precisamente por elo, e mesa formada polos membros da directiva da Asociación de Escritores, Xoan I. Taibo, Bernardino Graña e Alfonso Pezegueiro, decidiu arrogar-se o dereito de decidir os puntos que debían ser contemplados nas resolucións como consecuencia da súa responsabilidade na organización do Congreso, coa aquiescencia de todos os presentes.

Reuníronse nunha aula aparte os directivos e redactaron as conclusións definitivas que quedaron resumidas nos seguintes apartados:

«O Primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega acorda rexeitar todo recorte no que atinxe á liberdade de expresión.

Exixe aos medios de comunicación estatais o emprego da lingua galega nos seus programas e a totalidade dos medios galegos o non reduci-los a «ghettos» a sección de cultura ou literatura galegas.

Reivindica o acceso dos escritores galegos aos medios de comunicación.

Exixe a posta en marcha do terceiro canal de «TVE» e do cuarto canal de «RNE» en Galicia, exclusivamente en galego.

Exixe a creación dunha Facultade de Ciencias da Información na Universidade Galega ao servizo da lingua e cultura da nosa comunidade nacional.

Exixe a concesión inmediata das emisoras de frecuencia modulada aos que se comprometeron a emitir exclusivamente en galego.

Reivindica o dereito dos escritores en lingua galega a non seren traducidos ao castelán nas entrevistas que se lles fagan nos medios de comunicación galegos.

Toma a resolución común de non publicar na prensa traballos que non reciban unha remuneración axeitada e digna.

Acorda crear unha Sociedade de Autores en Galicia para devengar os dereitos de autor.

Reivindica a presenza de autores de teatro galegos en «TV».

Exixe a realidade dunha escola galega e en galego a todos os niveis.

Pide a corrección de erros e enfoques trabucados, que se dan arreo, sobre a literatura galega no ensino.

Exixe a derogación do decreto de bilingüismo.

Pide o emprego do galego na Administración.

Fai a proposta da creación dunha xuntanza entre lingüistas cunha base de acordo de nove puntos redactada por V. Vaqueiro e M. Murado para a normativización do galego.

Propón a centralización da relación económica entre autor e editor a través da xestión da asociación de escritores.

Acorda a creación dun departamento de comunicación dentro da «AEG» e a publicación dunha revista bimensual como vehículo de expresión dos escritores».